

NOTA DE PRENSA

O Museo Casa da Troia abre de maneira continuada no verán, desde mañá martes ata mediados de setembro

Poderá visitarse en horario de 11 a 14 e de 16 a 20 horas, tendo en conta que pecha os luns e os domingos, pero os venres estará aberto ata as 22 horas

Realizaranse visitas dramatizadas de martes a sábado ás 11:00 horas

Santiago de Compostela, 20 de xullo de 2015 (Vía Láctea Comunicación).- O Museo Casa da Troia volve abrir as súas portas de maneira continuada no verán, dende mañá martes, 21 de xullo, ata mediados de setembro. Durante o mes de xuño o museo estivo aberto nas fines de semana pero a partir de agora o público poderá visitalo de martes a sábado, de 11:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas, e os venres prolongará o seu horario ata as 22:00 horas. Os luns e os domingos permanecerá pechado.

O presidente da Asociación de Antigos Tunos Composteláns, **Benigno Amor**, salienta o “alto grado de satisfacción dos visitantes co Museo” e baséase nas opinións recibidas no portal “Trip Advisor” (<http://www.tripadvisor.es/Attractions-g187508-Activities-Santiago de Compostela A Coruna Province Galicia.html>), que o cualifican na súa maioría como “excelente”, así como os comentarios que deixan no libro de sinaturas. Durante o pasado mes de xuño rexistráronse 285 visitas e nas fins de semana de xullo un total de 137.

Amor indica que é “un motivo de lelicia recuperar o horario continuado da tempada de verán, como vén sendo habitual dende a inauguración do Museo no ano 1993. Fixemos un esforzo para poder abrir máis tempo neste ano tan especial para nós, o do Centenario da primeira edición da novela, que leva a portada de Castelao”. Ademais destaca o compromiso que teñen as guías co seu traballo: “É fundamental para que os visitantes vivan unha experiencia inesquecible facendo unha viaxe no tempo á Compostela de finais do século XIX”.

Visitas dramatizadas e percorridos guiados en galego, castelán e inglés

O Museo Casa da Troia tamén permanece aberto durante a Semana Santa pero é nos meses de verán cando acolle unha maior afluencia de público, tanto por parte dos turistas de calquera nacionalidade coma dos propios composteláns. Na temporada estival recibe unha media dunhas trinta visitas diarias e a cifra de turistas estranxeiros representa preto do 20 por cento.

Ofrécense percorridos guiados en galego, castelán ou inglés e tamén está previsto continuar realizando visitas dramatizadas todos os días da semana, tal como se fixo en anos anteriores. Nesta actividade revívase a figura de Dona Generosa, a patroa da vella pensión estudiantil. O horario das visitas será ás 11:00 horas e poden concertarse chamando ao teléfono do Museo: **981 585 159**.

Unha antiga pensión de estudantes convertida en museo

O Museo recrea unha antiga pensión de estudantes inmortalizada na novela «La Casa de la Troya», escrita no ano 1905 por Alejandro Pérez Lugín. O edificio, construído a mediados do século XVIII, foi hospedaría de estudantes entre 1886 e 1906 e nel aloxouse o personaxe principal, Gerardo Roquer. En 1993 abriu como museo grazas ao mecenas compostelán Benigno Amor Rodríguez (finado en 2009) e na actualidade está xestionado pola Asociación de Antigos Tunos Composteláns, constituída no ano 1979 e presidida por **Benigno Amor Barreiro**.

Na planta baixa do inmobile atópase a recepción, antiga zona de paso tanto das persoas como dos cabalos que baixaban ás cortes. No primeiro andar está o vello salón-comedor, tamén habilitado como zona de estudo, e noutra época lugar de ensaio da Tuna Compostelana; e a sala de respecto, unha pequena estancia empregada durante as visitas dos familiares dos estudantes. No segundo andar están os dormitorios. No ático atópase a cociña, ademais dun pequeno dormitorio, que na novela pertencía a Dona Generosa, a patroa. O soto, que antigamente era usado como corte dos cabalos, está dedicado ás tunas universitarias, e poden admirarse diversos instrumentos musicais, becas, capas, trofeos, fotografías e outras pertenzas da estudiantina.

NOTA.- Xuntamos fotografías do Museo Casa da Troia

PRENSA_ 981 554 407 _ 639 768 929 www.lacasadelatroya.org
www.vialactea.es